

CIRCULAR 33-2016 (modificada a 20/04/2016)

- A todas as Delegacións (*)
 - A todos os assembleistas
 - A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada
- (*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO DE GALICIA DE CLUBS DE PISTA AIRE LIBRE

Estadio Gregorio Pérez Rivera (Lugo), 23 de abril 2016

Art.1) A Delegación da F.G.A en Lugo organizará o Campionato de Galicia de Clubs ó Aire Libre o día **23 de Abril de 2016**, nas pistas do Estadio Gregorio Pérez Ribera de Lugo.

EQUIPOS PARTICIPANTES

Homes:

Clasificación directa tempada 2014/2015: R.C. Celta; C.A. Narón, Lucus Caixa rural e Sociedad Gimnástica de Pontevedra;
Estadillo: C.A. Santiago (11.479p), ADAS (10.471p); Riazor (9.097p) e Marineda Atlético (7.201p)

Mulleres:

Clasificación directa tempada 2014/2015: Ría Ferrol-Concepción Arenal; Atletismo Femenino Celta; Sociedad Gimnástica de Pontevedra e Lucus Caixa Rural Galega;
Estadillo: ADAS (12.853p), Vila de Cangas (11.686p), C.A. Narón (10357), C.A. Santiago (9785p)

Art.2) Poderán intervir un total de 8 clubs masculinos e femininos, estando convidados de forma directa os catro primeiros clasificados do Campionato de Galicia de Clubs da pasada tempada 2014/15. Estes clubs son:

Homes: R.C. Celta; C.A. Narón, Lucus Caixa rural e Sociedad Gimnástica de Pontevedra;

Mulleres: Ría Ferrol-Concepción Arenal; Atletismo Femenino Celta; Sociedad Gimnástica de Pontevedra e Lucus Caixa Rural Galega;

Todos estes clubs deberán confirmar a súa participación antes do 8 de abril.

O resto dos Clubs, ata completar o máximo indicado de 8 en cada categoría, designaranse por estadillo de marcas da tempada 2014/15 e 2015/16 dos atletas con licenza por ese club na tempada actual, aínda que no 2015 teñan estado noutro club. O sistema de puntuación obterase aplicando a **Táboa da I.A.A.F.**. As probas a puntuar son as seguintes:

Homes: 100, 200, 400, 800, 1.500, 5.000, 110v., 400v. 3.000Obs., altura, lonxitude, triple, pértiga, peso, disco, xavalina, martelo e 10km marcha.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



Mulleres 100, 200, 400, 800, 1.500, 5.000, 100v, 400v., 3000Obst. altura, lonxitude, triple, pértega, peso, disco, xavalina, martelo e 5km marcha.

O estadillo conformarase cun atleta por proba e cada atleta poderá puntuar nunha soa proba, debendo ser enviado á F.G.A. como data límite o día **8 de abril de 2016**. Os rexistros deberán ser conqueridos en probas oficiais e estar homologados.

Art.3) No referente á participación de atletas extranxeiros e atletas de Clubs Asociados, aplicaránse as mesmas normas que ten a RFEA:

- Atletas extranxeiros: **5 participacións** (Non contabilizarán os atletas de categoría xuvenil e cadetes).
- Atletas de Clubs Asociados: **6 participacións**

Art.4) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 19 de abril**.

Art.5) O sistema de puntuación será establecido por postos. En cada carreira ou concurso estableceráse o seguinte criterio, 1º: N+1, 2º: N-1; 3º: N-2... etc., sendo N o número de clubs que participan. Os atletas (o equipos) retirados ou descalificados non puntúan.

Art.6) Proclamarase campión o Club que obteña maior cantidade de puntos. Haberá trofeo para os tres primeiros clasificados, sendo obrigatorio acudir ao protocolo de entrega dos mesmos.

Art.7) Cada Club participante deberá cubrir un mínimo de **15 probas**, non admitindo aqueles que non cheguen a este mínimo. Por acordo da comisión de clubs, aplicarase a mesma normativa que a establecida pola RFEA para as súas competicións de clubs.

- **Categorías Senior/veteranos, promesa, junior** (unha proba individual e un relevo)
- **Categoría xuvenil** (tódalas probas agás os valados, obstáculos e lanzamentos en homes e obstáculos en mulleres. Só poden fazer unha proba individual e un relevo. De tal xeito que a suma das distancias percorridas si son carreiras non exceda os 510m)
- **Categoría cadete** (unha soa proba sempre e cando esta se contemple no cadro de probas válidas para esta categoría).

Por acordo da Comisión de Clubs non se permitirá a participación de ningún Clube fora de concurso.

Art.8) O Delegado oficial de cada Club poderá efectuar un máximo de 10 trocos na composición do seu equipo ata 30 minutos en carreira e 45 minutos en concursos antes do comezo de cada proba respectiva. Os cambios efectuados nas probas de relevos, agás as inscricións realizadas previamente, non se contabilizarán

Art.9) O sorteo de rúas e orden de actuación comunicarase unha vez recibidas tódalas inscricións.

Art.10). Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito, agás a pértega, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo da descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



Art.11) Alturas dos listóns: Colocaranse a altura máis baixa das solicitadas polos atletas e que permitan os saltómetros, ata continuar ca cadencia que se publicara co horario definitivo.

Art.12) Horario da competición (provisional):

HORARIO DO CAMPIONATO DE GALICIA DE CLUBS

5000 Marcha	Mulleres	11.00	Martelo	Mulleres
			Triple	Homes
			Pértega	Mulleres
400 valados	Homes	11.45		
400 valados	Mulleres	11.55		
100	Mulleres	12.05	Triple	Mulleres
			Martelo	Homes
			Altura	Mulleres
100	Homes	12.15		
1.500	Mulleres	12.25		
1.500	Homes	12.35		
400	Mulleres	12.45		
400	Homes	12.55		
3.000 Obstáculos	Homes	13.05	Disco	Homes
3.000 Obstáculos	Mulleres	13.20	Peso	Homes
4 x 100	Homes	13.40		
4 x 100	Mulleres	13.50		
		16.30	Disco	Mulleres
			Lonxitude	Homes
			Altura	Homes
110 valados	Homes	17.00		
100 valados	Mulleres	17.10		
200	Mulleres	17.20		
200	Homes	17.30	Xavalina	Mulleres
			Pértega	Homes
			Peso	Mulleres
800	Mulleres	17.40		
800	Homes	17.50		
3.000	Mulleres	18.00		



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



		18.15		
3.000	Homes	18.20		
		18.30	Xavalina	Homes
5000 Marcha	Homes	18.35	Lonxitude	Mulleres
4 x 400	Mulleres	19.20		
4 x 400	Homes	19.35		

Nº	HOMES	Nº	MULLERES
I	Lucus Caixa Rural	I	ADAS
II	C.A. Santiago	II	Atletismo Femenino Celta
III	Sociedade Gimnástica de Pontevedra	III	Vila de Cangas
IV	ADAS	IV	Sociedade Gimnástica Pontevedra
V	R.C. Celta	V	C.A. Santiago
VI	Marineda Atlético	VI	C.A. Narón
VII	Riazor Coruña	VII	Lucus Caixa Rural
VIII	C.A. Narón	VIII	Ría Ferrol

HOMES /MULLERES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII
100-Peso	1	2	3	4	5	6	7	8
200-3.000-Disco	2	3	4	5	6	7	8	1
400-3000 Obs. -Xavalina	3	4	5	6	7	8	1	2
800-Marcha	4	5	6	7	8	1	2	3
1500-Lonxitude-Pertega	5	6	7	8	1	2	3	4
400v-Altura	6	7	8	1	2	3	4	5
100/110v-Triple-4x400	7	8	1	2	3	4	5	6
4x100-martelo	8	1	2	3	4	5	6	7

CADENCIAS (a mais baixa solicitada que enlace ca seguinte cadencia):

Altura feminina: 1,30 – 1,40 – 1,45 – 1,50 – 1,54 – 1,58 e de 3 en 3

Altura masculina: 1,55 – 1,65 – 1,70 – 1,75 – 1,79 – 1,83 e de 3 en 3

Pértega feminina: 2,40 – 2,60 – 2,75 – 2,90 – 3,00 e de 10 en 10.

Pértega masculina: 3,40 – 3,60 – 3,75 – 3,90 – 4,00 e de 10 en 10



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



Horario de saída á pista límite de presentación en **Cámara de chamadas (deberán presentar DNI ou cualquier documento con foto):**

- Carreiras e marcha: 10 minutos antes da hora oficial da proba.
- Carreiras con valados e relevos: 15 minutos antes da hora oficial da proba.
- Saltos (agás pértega): 20 minutos antes da hora oficial da proba.
- Pértega: 40 minutos antes da hora oficial da proba.
- Lanzamentos: 20 minutos antes da hora oficial da proba.

Os atletas deberán saír à pista con a camiseta e o dorsol postos.

Art.13) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo as normas técnicas da F.G.A., R.F.E.A. e I.A.A.F por esta orden.

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)
A Coruña, a 22 de marzo de 2016